



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/000858

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Resolución publicación Borrador Ordenanza Tráfico e mobilidade sostenible)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan anual normativo de 2023 por Resolución de alcaldía publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a nova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación á nova regulación por ordenanza denominada **ORDENANZA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTENIBLE E ESTACIONAMENTO**; por esta alcaldía elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de sete días naturais de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende o borrador da nova ordenanza **ORDENANZA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTENIBLE E ESTACIONAMENTO**; que se vai redactar:

Segundo.- Publicar a presente resolución e o borrador da ordenanza na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, María Nogareda Marzoa, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).